

A LEDICIA DE LER

“Un libro de Risco”

CARLOS CASARES

La Voz de Galicia. 16 de xaneiro de 1976



DOCUMENTOS DA FUNDACIÓN CARLOS CASARES

La Voz de Galicia

A LEDICIA DE LER é unha sección que Carlos Casares publicou en *La Voz de Galicia* a partir de 1975, onde trataba temas literarios e lingüísticos, ademais de dar conta das novidades editoriais da época. O texto está adaptado á normativa galega actual. Queremos agradecerlle a *La Voz de Galicia* a cortesía manifestada en todo momento e as facilidades para achegar este material ao público.

Un libro de Risco

CARLOS CASARES – LA VOZ DE GALICIA. 16 DE XANEIRO DE 1976

A verdade é que Vicente Risco foi a figura máis importante do galeguismo anterior á guerra civil. Desde que se incorporara ás Irmandades de Fala en decembro de 1917, posiblemente por influencia de Antón Lousada Diéguez e co motivo dunha viaxe de Cambó por Galicia, a súa obra foi realmente inmensa: definiu doutrinalmente o nacionalismo galego, que antes del non pasaba de ser un sentimento difuso mellor ou peor formulado por Antón Villar Ponte e Lois Porteiro Garea; foi animador das asembleas das “Irmandades”, na cuarta das cales, a celebrada en Monforte en 1922, resultou elixido Conselleiro Supremo, e como tal actuou, converténdose así na cabeza visible deste movemento; fundou e dirixiu a revista *Nós*, tan ligada a el, que no periódico *A Nosa Terra*, órgano informativo das “Irmandades”, se anunciaba como “revista de Vicente Risco”.

Ningunha outra figura da época tivo a súa relevancia. Naturalmente que algúns se preguntarán que onde deixamos a Castelao. E a tal pregunta hai que responder que Castelao ven despois. Castelao (o Castelao doutrinario, non o escritor e o artista, que son anteriores) é unha figura do exilio. O seu libro *Sempre en Galiza*, si exceptuamos as páxinas escritas durante o desterro en Badajoz en 1935, procede da guerra e da posguerra. Por suposto que existe tamén o Castelao deputado, pero quen teña o raro privilexio de ler as páxinas manuscritas do diario de Alexandre Bóveda, ou mellor dito, do que queda do diario, verá que este era quen o aconsellaba e inspiraba politicamente.

Aínda que a moitos non lles guste, a verdade histórica cae deste lado, e manipulala non se pode dicir que sexa precisamente un acto revolucionario. Fora cal

fora a evolución posterior de Risco, o certo é que o nacionalismo galego ten que asumir tamén a historia dun home que despois da guerra civil derivou por camiños que pouco tiñan que ver co seu andar de mozo. Por outra parte, ese nacionalismo débelle a el moitas cousas, que ademais non está en condicións de poder desperdiciar.

Este parece ser o asinado pensamento dos responsables da editorial **Sept**, que acaban de tirar do prelo a tradución galega de *El problema político de Galicia*, un libro que Vicente Risco escribira en 1930 para lectores non galegos¹. Naquela época a actitude de Risco respecto da lingua era moi coherente e chegou a escribir en galego incluso en diarios de Madrid. Este libro, cuxa versión na nosa lingua se publica agora, tivo unha grande importancia no seu tempo, pero os anos e as circunstancias de hoxe en día, tan distintas, convérteno máis nunha reliquia que nunha obra “especialmente interesante para os tempos que corren”, como afirman os editores nunha nota preliminar. Pénsese, por exemplo, nas páxinas do capítulo VIII, dedicadas á lingua, e verase qué poucas persoas estarían dispostas a subscribilas. Dar como válidas a estas alturas palabras que falan de defender o galego a base de procurar a paz e a igualdade co castelán, supón saltar por riba das adquisicións da socioloxía lingüística sobre as situacións diglósicas, etc.

Agora ben, a publicación deste libro de Risco parécenos un acto positivo, en canto que é sempre interesante poñer aos novos lectores en contacto cos fundamentos do galeguismo. Respecto da tradución de Isaac Alonso Estravís, que é correcta, tería merecido a pena o esforzo de facela no fermoso galego do propio Risco.

¹ Vicente Risco. *O problema político de Galiza*, Editorial Sept, 1976. Tradución realizada por Isaac Alonso Estravís do libro *El problema político de Galicia*, CIAP, Madrid, 1930.